

EU, O ESPELLO

“Eu no espello/ aprendo a ser eu” sen corpo e sen rostro, só eu a imaxe virtual do outro lado do azougue que este me devolve transmutada nunha nova realidade. E así, María Comesaña Besteiros constrúe unha *Zoonose* onde toda arte devén en exposición, mostra dun corpo alleado de si mesma onde a maquillaxe oculta a mirada da tola, da que se desposuíu para procurar sacar á luz ese outro eu que até o de agora ficou inédito. E neste proceso, pérdense os vencellos e afloran os medos máis arcanos mentres o eu se ofrece a un ti sen outra dote que o seu inferno persoal.

Tempos Novos, 97, xuño 2005, p. 70